

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 02/11/2020.

Concelleiras e concelleiros presentes:

Alcalde-Presidente:

Secundino García Casal

Asistentes:

BNG:

María del Carmen Muiño Filgueira

Manuel Varela Mecías (videoconferencia)

María Amparo Calvo González (videoconferencia)

Manuel Beceiro Couce (videoconferencia)

Ana Belén Breijo Gundín (videoconferencia)

Tomás Calvo García (videoconferencia)

PP:

María Belén Trigo Meizoso (videoconferencia)

María Esther Díaz Vergara (conexión telefónica)

José Luis Hermida Prieto

PSOE:

Lois Anxo Rodríguez Calvo (videoconferencia)

Secretario-interventor:

Miguel A. Arroyo Moreno

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as dezanove horas e corenta e un minutos do día dous de novembro de dous mil vinte, comparecen as concelleiras e concelleiros arriba indicados, en presenza do devandito secretario, para a celebración da sesión extraordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde en cumprimento do establecido no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e no Regulamento Orgánico deste Concello.

Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, iníciase a deliberación do único asunto de competencia do Pleno incluído na Orde do Día da sesión, que é o seguinte:

I.- PARTE RESOLUTIVA:

PRIMEIRO. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DE 2019 DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO, DA QUE FORMA PARTE O SUBEXPEDIENTE DR01 2020, DE DEPURACIÓN DE SALDOS CONTABLES.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para comezar esta sesión semipresencial, lamentando a mala calidade das conexións telefónicas e de transmisión de datos nalgunhas zonas rurais, que dificultan a

vida diaria da veciñanza e que están a afectar ó desenvolvemento da sesión. A concelleira Sra. Díaz ten que seguir a sesión mediante conexión telefónica por este motivo.

En canto ó contido da sesión, explica o Sr. Alcalde que hai un único punto na Orde do Día, a aprobación da Conta Xeral de 2019 e do subexpediente de depuración de saldos contables que se tramita de maneira simultánea.

Ámbalas dúas cuestións foron ditaminadas favorablemente pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas en sesión celebrada o 24-08-2020 e expostas ó público mediante anuncio publicado no BOP nº 139, do 27-08-2020.

Toma a palabra de seguido a Sra. Muiño, para introducir o contido da proposta da Alcaldía en relación co asunto, que literalmente di:

“ANTECEDENTES:

Con data do 24-08-2020, tivo lugar unha xuntanza da Comisión Informativa da Facenda e Especial de Contas, oportunamente convocada por esta Alcaldía, na que foi sometido a debate o ditame sobre a Conta Xeral de 2019, formulada e informada pola Intervención Municipal. A Comisión Informativa acordou o ditame favorable desa Conta. Forma parte do expediente o subexpediente DR01 2020, de depuración de saldos contables de exercicios pechados.

Con data do 27-08-2020 publicouse no BOP nº 139 anuncio de exposición pública relativa a ámbolos dous acordos.

Durante o prazo de exposición pública presentouse unicamente, con data do 20-09-2020, rexistro de entrada 1003, un escrito de alegacións asinado pola portavoz do Partido Popular no Concello, segundo consta na certificación de Secretaría do 30-09-2020 relativa á exposición pública dos indicados acordos, que obra no expediente.

En relación co contido deste escrito, emitíuse informe de Intervención con data do 01-10-2020, no que se indica o seguinte:

“PRIMEIRO.- *En relación coa procedencia da estimación ou desestimación das alegacións, indícase o seguinte:*

- Erros nas relacións de facturas. É preciso sinalar que as relacións de facturas que foron obxecto dalgún tipo de reparo durante o exercicio 2019 constan nas actas da Xunta de Goberno Local das que entrega copia a tódalas persoas membros da corporación para os efectos de control da actividade do goberno municipal, polo que xa obran en poder da concelleira Sra. Trigo. Non obstante, se remitirán novamente á concelleira solicitante, unha vez corrixidos os erros que poideran presentar.

- Relacións de facturas do informe sobre reparos. No informe sobre reparos que foi remitido ós membros da Corporación antes da sesión da Comisión Informativa na que se someteu a ditame a CX2019, non se incluíron as relacións completas de facturas porque esas relacións están nas actas das Xuntas de Goberno que xa reciben os concelleiros, como se indicou anteriormente. Existe no expediente sen embargo un exemplar completo da relación de reparos, na que se reproducen a totalidade das relacións de facturas xa comprendidas nas actas das sesións da Xunta de Goberno durante 2019, a disposición das persoas interesadas.

- Causa principal dos reparos formulados. Na comisión informativa indicouse por parte desta Secretaría-intervención que a causa da maioría dos reparos era a falla de trámites en contratos menores, particularmente na prestación dalgúns servizos, como o abastecemento eléctrico, cuxa contratación por procedementos abertos prantexa dificultades non soamente en San Sadurniño senon en moitos outros concellos pequenos. De feito, a maior parte das facturas que integran as relacións indicadas nos puntos

anteriores corresponden ao subministro de enerxía eléctrica, sobre todo para o alumado público, con varios centos de facturas presentadas cada ano no rexistro correspondente.

- Elevado número de facturas obxecto de reparos. O indicado nos puntos anteriores deste informe explica a razón de que os reparos formulados por un único motivo, a falla dunha adxudicación axustada á legalidade do subministro de enerxía eléctrica ao Concello, teña como resultado que sexan obxecto de reparo varios centos de facturas cada ano, a maior parte delas correspondentes a esa contratación.

É preciso indicar tamén que nos reparos correspondentes a esas facturas se indica que non facer fronte ó seu aboamento podería dar lugar a reclamacións xudiciais por enriquecemento inxusto, xa que o servizo vense prestando efectivamente, con independencia da súa forma de contratación.

SEGUNDO.- *Considérase que o escrito presentado pola Sra. Trigo solicita explicacións complementarias sobre o contido da Conta Xeral, máis que prantexar unha oposición á súa aprobación polo Pleno, xa que non contén ningunha solicitude de rectificación nin motivos de oposición ó trámite desa Conta.*

En consecuencia, enténdese que, unha vez finalizado o prazo de exposición pública do expediente da Conta Xeral, procede desestimar as alegacións formuladas e someter o expediente á consideración do Pleno da Corporación, competente para a súa aprobación, na primeira sesión que se celebre.

*Vistos os antecedentes expostos, mediante o presente **PROPONSE** que o Pleno do Concello de San Sadurniño, **ACORDE**:*

PRIMEIRO.- *Desestimar a alegación formulada en relación coa aprobación da Conta Xeral de 2019, en base ó indicado no devandito informe da Intervención municipal.*

SEGUNDO.- *Aprobar a Conta Xeral de 2019 deste Concello e dispor a transmisión telemática dos datos que a integran, en cumprimento do establecido legalmente.*

TERCEIRO.- *Aprobar o subexpediente DR01 2020, de depuración de saldos contables de exercicios pechados, que forma parte do expediente da Conta Xeral, xa que durante o prazo de exposición pública non se presentou alegación algunha en relación co mesmo."*

Toma a palabra o Sr. Rodríguez, para manifestar brevemente que manterá o sentido favorable do seu voto na Comisión Informativa na que se debateu primeiramente o asunto.

Interven de seguido a Sra. Trigo, que vista a contestación ás alegacións que formulou, manifesta que o seu grupo tamén manterá a abstención na votación deste asunto, o mesmo que na Comisión Informativa.

Dadas as especiais circunstancias da celebración deste pleno con carácter semipresencial e as dificultades para realizar unha votación ordinaria a mano alzada como é habitual, propónse polo Secretario que cada membro da Corporación manifeste o sentido do seu voto cando se lle solicite, de maneira que se poida escoitar a resposta por tódalas persoas membros da Corporación que asisten á sesión. Aceptada de maneira unánime esta pequena variación na manifestación do sentido do voto, iníciase de seguido a votación, co seguinte resultado:

Votos a favor: oito, das concelleiras e concelleiros de BNG e PSOE.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: tres, das concelleiras e concelleiro do PP.

En consecuencia, queda aprobada a referida proposta da Alcaldía.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as dezanove horas cincuenta e dous minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,